



ANPA Arce do IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

anpaneiravilas@gmail.com

ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Convócanse a todas as familias socias e invítanse a todas as familias non socias a unha asemblea xeral ordinaria da Asociación de nais e pais do IESP Xosé Neira Vilas na data: luns 19 de decembro de 2022, ás 18:30 en primeira convocatoria e ás 19:00 en segunda convocatoria.

Iníciase a asemblea en segunda convocatoria as 19:00 horas coa asistencia de 10 persoas.

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Apróbase a acta anterior por unanimidade.

2. Aprobación das contas do curso 2021-22.

Apróbanse por unanimidade as contas do curso 2021-2022.

3. Aprobación do orzamento do curso 2022-2023.

Apróbbase o orzamento do curso 2022-2023 por unanimidade.

4. Información sobre as actividades da ANPA e extraescolares dos xoves.

Infórmase de que este curso comezou levándose a cabo dúas actividades durante a tarde do xoves:

- Inglés: coméntase que tivo moi boa acollida con moita demanda.
- Baloncesto: durante o mes de outubro levouse a cabo a actividade na modalidade de portas abertas, non tendo esta a suficiente aceptación e non acadando o número mínimo de alumnos inscritos suspendeuse a actividade no mes de decembro. Neste punto coméntase que isto xa acontecera con outras actividades que non tiveron continuidade noutros anos por falta de participantes como foron robótica ou informática. Pídese as familias propostas para poder levar a cabo.
Acórdase doar ao centro para Educación física o material que foi comprado para a actividade de baloncesto.

5. Obradoiro de técnicas de estudio na hora de titoría para ESO.

O obradoiro de técnicas de estudio e o seu material foi sufragado integramente polo ANPA, infórmase que tivo lugar en datas comprendidas entre o 7 de novembro e o 12 de decembro, levouse a cabo maioritariamente en horario das titorías, se informa dos puntos traballados no obradoiro así como o material entregado.

6. Información sobre o funcionamento do Banco de libros de texto.

No banco de libros cóntase cada vez con menos unidades debido a dixitalización dos contidos e material dos cursos, aínda así cubríronse todas as peticións. Lembrese que un dos criterios para o préstamos é a prioridade dos socios fronte aos non socios.

A posibilidade de seguir levando a cabo este préstamo e de que haxa fondo suficiente depende da doazón de libros das familias cara o curso que ven.

7. Información sobre o apoio económico ás diferentes saídas propostas polo instituto e medidas a acordar.

Infórmase de que o curso pasado o instituto solicitou a colaboración da ANPA para sufragar diferentes excursións levadas a cabo entre a finalización dos exames de xuño e antes de

rematar o curso como por exemplo: a saída a Ferrol, a casa da mocidade....

O curso pasado os alumnos de segundo de bacharelato recibiron unha axuda económica para a súa graduación por que eles non tiveron saídas nos anos anteriores pola pandemia, así mesmo unha parte do alumnado tivo unha pequena axuda para as viaxes do curso pasado.

Este ano aínda non se sabe se a ANPA poderá dar algún tipo de axuda económica pero como sempre se intentará na medida das nosas posibilidades-

8. Renovación da xunta directiva:

Preséntase a relación dos cargos para a nova directiva aprobados na reunión por unanimidade:

- Presidenta: Luisa Domínguez Sierra
- Tesoureira: Sonia Vázquez Álvarez.
- Secretaria: Lucía Seoane López.
- Vogais:
 - o Sonia Gandoy Blanco.
 - o Manuel Muñiz Mayo.
 - o Ana Belén Nogueira Álvarez.
 - o Emma María Seoane Uzal.
 - o Antonio Maceiras Suárez.
 - o Carmen Navarro Casero.

Cesan Sonia Gandoy Blanco como secretaria, Manuel Muñiz Mayo como tesoureiro e Juan Carlos Cagide, Eugenia Prieto Santiago e Reyes Caparrós Esperante como vogais.

9. Preguntas e suxestións.

Propónse a posibilidade de ter como actividade para os xoves “Técnicas de estudio” ou valorar realizar talleres de curta duración sobre ese tema ou outros.

Propónse vincular aos alumnos a actividades de voluntariado a través fomentándoo dende o instituto e a ANPA tales coma: actividades de limpeza, banco de alimentos, abrir as portas para que as asociacións poidan presentar e ensinar os seus proxectos aos rapaces.

Coméntase por parte dunha nai a falta de espazos e sitios para que se poidan sentar os nenos e nenas sobre todo de cara aos recreos cando chove.

Levántase a sesión sendo as 20:15

En Perillo, a 19 de decembro de 2022

A Secretaría da ANPA

